

# AXUDAS A APICULTURA

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200527/AnuncioG0426-200520-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200527/AnuncioG0426-200520-0001_gl.html)

**MR506A - Réxime de axudas á apicultura: Solicitud individual de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas.**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR506A#>

**MR506B - Réxime de axudas á apicultura: Solicitud de cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica propia.**

**Prazo de presentación: 28/05/2020 - 29/06/2020**

**a) Liña A. Asistencia técnica a apicultores e organizacións de apicultores. A esta liña só poderán optar as agrupacións de apicultores.**

**1º. Liña A.1.** Contratación de persoal técnico e especialistas para información e asistencia a apicultores. Importe máximo da axuda nesta liña por agrupación non **superará os 54.000 euros**. **2º. Liña A.2.** Organización, realización e asistencia a cursos de formación e formación continuada. Poderase subvencionar ata o 90 % do seu custo. **3º. Liña A.3.** Medios de divulgación técnica.

**b) Liña B. Loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Todas as axudas poderán ser solicitadas por apicultores e agrupacións de apicultores, incluídas as cooperativas e cooperativas de segundo grao.**

**1º. Liña B.1.** Tratamentos quimioterápicos contra a varroase. **2º. Liña B.2.** Tratamentos contra a varroase autorizados pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios que sexan compatibles coa apicultura ecolóxica. As axudas poden ser **ata o 80 % do seu custo, cun máximo de 3 euros** por colmea, **e co límite de 18.000 euros** para o caso de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas.

**3º. Liña B.4.** Uso de produtos autorizados para a alimentación das abellas co fin de mellorar a vitalidade da colmea e renovación e/ou purificación de cera.

**c) Liña C. Racionalización da transhumancia. Esta liña poderá ter como persoas beneficiarias, para as medidas C.3 e C.4, tanto a apicultura estante como transhumante.**

# AXUDAS A APICULTURA

**1º. Liña C.1.** Adquisición, conservación e mellora dos medios de transporte. Material para o manexo das colmeas: guindastres, mallas de cobertura, cambio de colmeas para mellorar o seu rendemento, sistemas móbiles de extracción de mel e/ou pole, así como outros utensilios e equipamento necesario para facilitar a transhumancia, con excepción de vehículos de transporte, combustible, produtos para a alimentación das abellas e cera. Poderase **subvencionar ata o 70 % do seu custo.**

**2º. Liña C.2.** Sistemas de protección ou vixilancia antirrobo ou de xeolocalización das colmeas. **Poderase subvencionar ata o 70 % do seu custo.**

**3º. Liña C.3.** Mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas, incluíndo a incorporación de marxes florais e barbeitos melíferos que inclúan especies florais beneficiosas para a actividade das abellas melíferas e outros polinizadores. **Poderase subvencionar ata o 70 % do seu custo.**

**4º. Liña C.4.** Cota do seguro de responsabilidade civil das colmeas. **Poderase subvencionar ata o 50 % do seu custo, cun límite de 0,5 euros por colmea asegurada.**

## **d) Liña E. Medidas de apoio á repoboación da cabana apícola.**

**1º. Liña E.1.** Investimentos para a cría de raíñas (núcleos de fecundación, incubadoras, material para inseminación artificial de raíñas).

**2º. Liña E.2.** Adquisición de raíñas de razas e/ou subespecies autóctonas para reposición de baixas, sempre que se cubran as necesidades financeiras para asistir as solicitudes da medida anterior.

Para os dous casos, poderase **subvencionar ata o 50 % do custo** de actuación, cun límite máximo de **5 euros por colmea.**

2. Para o cálculo das axudas terase en conta o número de colmeas que os solicitantes teñen inscritas no Rexistro de Explotacións Apícolas de Galicia, segundo a declaración censual anual obrigatoria correspondente ao ano 2019.

**3. Os gastos e investimentos obxecto da axuda deberán ter sido realizados no período comprendido entre o 1 de agosto do ano anterior a esta convocatoria e o 31 de xullo de 2020, ambos inclusive.**